

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE SANIDADE, EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD (SERGAS), LA UNIVERSIDAD DE VIGO Y LA FUNDACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR PARA REGULAR LA CONTINUIDAD Y DESARROLLO DEL INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA GALICIA SUR.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, a Universidade de Vigo e a Fundación Biomédica Galicia Sur, formalizaron o 19 de outubro de 2021 o instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos desde a data da súa sinatura e por un período de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a garantir a continuidade do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS) a través da asociación das entidades asinantes. Por tanto, o obxecto do convenio é a regulación do IISGS, así como a adecuación do seu vínculo xurídico ás directrices recollidas na normativa de aplicación no proceso de acreditación como Instituto de Investigación Sanitaria (RD 279/2016, de 24 de xuño, e a Guía Técnica de Avaliación de acreditacións).

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Biomédica Galicia Sur, ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización doutras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego.

Que o RD 279/2016, de 24 de xuño, regula o procedemento para a acreditación de Institutos de Investigación Sanitaria, ofrecendo as directrices e requisitos a cumprir polas institucións que desexen obter dita acreditación. Entre eles, recóllese a sinatura dun vínculo xurídico que ampare a relación entre todas as entidades que conforman o Instituto.

Por outra banda, en abril de 2019 do Instituto de Saúde Carlos III publicou unha Guía Técnica de Avaliación de acreditacións de Institutos de Investigación Sanitaria, na que se indican os aspectos e contidos que debe recoller o vínculo xurídico das institucións que desexen obter a acreditación. En consecuencia, cómpre adaptar o instrumento convencional aos requirimentos da acreditación antes indicados.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada